

Organismo: Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

Capítulo	
Epígrafe	
(Para cubrir no Diario Oficial de Galicia)	

EXTRACTO da Orde do 11 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais, para a prórroga na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR351B).

BDNS (identif.):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Entidades locais, ou no seu defecto, as entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha Administración local que foran beneficiarias destas axudas na derradeira convocatoria, sempre que todas elas dispoñan de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución dos correspondentes proxectos e non incorran nas circunstancias establecidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

A prórroga de contratos ou para o apoio no financiamento do custo salarial das persoas que estean a desempeñar o posto de axente de emprego e desenvolvemento local, no ámbito da colaboración da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración coas entidades locais (procedemento TR351B), a través dos programas de cooperación, como instrumento para promover a configuración dunha rede especializada na implantación das políticas activas de emprego e a xeración de emprego na contorna local.

(NON ESCRIBIR NO DORSO)



Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 11 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais, para a prórroga na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR351B).

Cuarto. Importe

Para a concesión destas axudas destínanse dous millóns douscentos mil euros (2.200.000 €).

Quinta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se este último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non hai día equivalente, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

José González Vázquez

Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

Insírase

O secretario xeral técnico

P.D. (Orde do 29/09/2021; DOG nº 195, do 08/10/2021) e

(Decreto 147/2024, do 20/05/2024; DOG nº 101, do 27/05/2024)

Joaquín Macho Canales

(NON ESCRIBIR NO DORSO)

